

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE SETEMBRO DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024 NO CAMPUS DE VIGO

Por resolución reitoral do 21 de xuño de 2023, foi publicada a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024, e unha vez rematado o prazo de alegacións e de acordo coas competencias conferidas, esta reitoría **RESOLVE**:

- 1. **Aprobar a publicación da listaxe definitiva das solicitudes concedidas e denegadas** para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024 no campus de Vigo (véxase o anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (D.O.G. do 6 de xullo)
A vicerreitora de Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Susana Reboreda Morillo

Código seguro de Verificación : GEISER-699b-2ab0-6d72-4e28-ba35-76d6-650d-08cc | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida



Anexo I

Solicitudes concedidas:

Título do obradoiro	Nome e apelidos	Duración obradoiro (horas)	Nº de estudantes ofertado	Total ingresos e gastos	Importe solicitado á UVIGO
Anatomía da canción: A composición musical contemporánea no rock	Rodríguez Barcia Susana	30	15	1.500,00	1.500,00
Identificación de cogomelos nivel I	Paula Estévez Caride	30	16	1.500,00	1.500,00
Identificación de cogomelos nivel II	Mauro Rivas Ferreiro	30	15	1.500,00	1.500,00

Solicitudes denegadas:

Título do obradoiro	Nome e apelidos	Duración obradoiro (horas)	Nº de estudantes ofertado	Total ingresos e gastos	Importe solicitado á UVIGO
* Deseño CAD 3D e Impresión 3D prácticos	Elena María Cuiñas Insua	22	10	1.850,00	1.500,00
* Arduino 101 - Microcontroladores e electrónica prácticas	Elena María Cuiñas Insua	22	10	1.900,00	1.500,00

* Non se aproban as solicitudes por ter un contido similar aos que se ofertan á comunidade universitaria no programa e_Destrezas.

